

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONSELLO OFICIAL DE COLEXIOS DE MÉDICOS DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL AO MÉDICO ENFERMO “PAIME”.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2019

REUNIDOS:

Dunha parte: Don _____, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra: Don _____, presidente do Ilustre Consello Galego de Colexios Médicos de Galicia con NIF: _____, que actúa en nome e representación do mesmo,

MANIFESTAN:

1. Que as institucións asinantes son coñecedoras de que no colectivo médico existe un grupo de profesionais con risco de padecer trastornos de conduta, e que este feito pode comportar un risco para a saúde da poboación.
2. Que, segundo estudos epidemiolóxicos internacionais, estimase que un certo número de médicos poden sufrir, ao longo da súa vida profesional, trastornos de conduta que os poden incapacitar, como mínimo temporalmente, para o correcto exercicio da súa práctica profesional.
3. Que as partes consideran, atendendo ás características propias do exercizo da profesión médica e ás circunstancias manifestadas nos expoñendos primeiro e segundo, que estes médicos enfermos requiren unha atención médica específica, especializada e baixo condicións de confidencialidade, xa que iso permitirá a detección precoz dos casos e a instauración dos tratamentos farmacolóxicos, psicoterapéuticos e rehabilitadores pertinentes, co fin de garantir o axeitado exercicio profesional conforme aos criterios da lex artis.
4. Que as institucións asinantes deste convenio valoran moi positivamente o modelo seguido polo Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo (en diante “PAIME”) iniciado polo Colexio Oficial de Médicos de Barcelona e actualmente de aplicación na Comunidade Autónoma de Cataluña e noutros territorios de España, tanto no referente aos procedementos colexiais desenvolvidos como nos servizos clínicos de internamento que presta.
5. Que os Colexios Oficiais de Médicos son os entes corporativos de carácter público indicados para asumir a abordaxe desta cuestión, de acordo co disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 19 do Código de Ética e Deontoloxía da OMC e con independencia das competencias e responsabilidades que poidan corresponder a outras institucións.

6. Que o Consello Galego de Colexios de Médicos de Galicia cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo iso, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. O obxecto deste convenio é o desenvolvemento do Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo “PAIME” por parte do Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia, coa colaboración do Servizo Galego de Saúde.

Segunda. De conformidade coa cláusula primeira, o Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia comprométese a impulsar e desenvolver o programa e a difundir a súa existencia entre os seus colexiados a través de diferentes fórmulas de promoción, así como a atender á racionalidade e control dos gastos que se orixinen.

En atención ás especiais características da poboación a atender e das actividades a desenvolver ao abeiro do devandito Programa de Atención Integral ao Médico Enfermo “PAIME”, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata o máximo do 100% da cuantía total concedida.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por sí mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

Terceira. O contido do Programa consiste en ofrecer a tódolos médicos, sen excepción, que exercen a súa profesión no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia as prestacións necesarias que permitan solucionar as problemáticas derivadas das psicopatoloxías que distorsionan a realidade e de adicción ao alcohol e outras drogodependencias concretas, tal e como se expoñen de seguido:

- a) A asistencia sanitaria especializada e específica coa forma e mediante as condicións técnicas establecidas no programa.
- b) A reincorporación profesional dos médicos afectados por estas enfermidades.
- c) O programa incidirá tamén no ámbito de formación e asesoramento nas ditas materias, co fin de fomentar accións preventivas dende a óptica da saúde pública que impidan ou limiten as condutas de risco dos médicos afectados por estas enfermidades.
- d) Dentro do campo da medicina de empresa, colaborarase coas institucións sanitarias públicas e privadas coa finalidade, por unha parte, de impedir ou limitar os riscos indesexables dunha mala práctica da medicina por estas causas e, por outra, de rehabilitar e reinsertar os médicos atendidos polo “PAIME” que foran dados de alta.

Cuarta. Á fronte do programa “PAIME” estará como coordinador e como responsable técnico directo e específico, presidente e vicepresidente primeiro respectivamente, do Consello de Colexios de Médicos de Galicia.

Quinta. No desenvolvemento do programa remitiranse semestralmente os indicadores incluídos nos puntos 2 e 4 do anexo 1.

Sexta. Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de corenta mil cincuenta e sete euros (**40.057,00€**) con cargo á aplicación orzamentaria **5001.413A.481.19**, co código de proxecto **201400028**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

No caso de que se produza un incremento de crédito derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación, elaborárase unha addenda para ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

Sétima. A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava. A contía indicada na cláusula sexta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, achegando por parte da asociación:

- Solicitud do pago anticipado.
- Memoria descritiva das actividades a realizar durante a vixencia do convenio.
- Declaración responsable sobre a titularidade da conta bancaria onde se vai realizar o ingreso.
- Declaración responsable de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social, e de non ter ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma de Galicia, conforme ao modelo indicado no Anexo 3.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais até un máximo do 80% do importe total deste convenio (incluído o anticipo), a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de pagamento ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos. Esta relación ordenada de gastos documentarase segundo o modelo indicado no Anexo 2.

A data límite e improrrogable para a presentación da solicitude e documentación dos pagos parciais será o 15 de outubro de 2019.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

Novena. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos.

- b) Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.
- c) Certificación do Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 1 de decembro de 2019.

De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foron efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibí do proveedor para gastos de escasa contía para pagos inferiores a mil euros (1.000,00 €).

4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.

5. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.

6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

7. Cando as actividades teñan sido financiadas ademais de con esta subvención con fondos propios ou outras subvencións ou recursos deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos a actividade subvencionada.

Décima. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados e efectivamente pagados dende o 1 de decembro de 2018 ata o 30 de novembro de 2019 e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estrictamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal laboral da entidade: coste total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das cuantías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na

Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

Décimo primeira. Con data límite do 15 de xaneiro de 2020, o Consello Oficial de Médicos de Galicia deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria final das actividades realizadas obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 1 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décimo segunda.

Décimo segunda. Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado "PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTÉN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO (PR004A), dirixíndoas á atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Décimo terceira. Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes do Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a presidenta do Servizo Galego de Saúde será a competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo cuarta. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, en todo o que non se opoña á lei.

Décimo quinta. A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes do Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo sexta. Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

Décimo sétima. O Consello Oficial de Colexios de Médicos de Galicia adherirase ás políticas de austeridade, eficiencia e mellora da xestión da Xunta de Galicia, prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercizo das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo oitava. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019.

Décimo novena.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade, asínase polas partes o presente convenio en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Servizo Galego de Saúde

Polo Consello Galego de
Colexios de Médicos de Galicia

ANEXO 1

MEMORIA FINAL

1.- Características básicas do programa: data de inicio, poboación de referencia, ...

2.- Actividades :

- Número de usuarios distintos atendidos no ano, distribuídos por sexo e provincia.
- Número de intervencións realizadas, desglosadas por :
 - Primeiras consultas
 - Sucesivas ou revisións
 - Consultas específicas: Neurofeedback, Psicoterapia ou outras
- Número de informes elaborados.
- Número de pacientes dados de alta do programa..
- Relación dos diagnósticos dos pacientes atendidos segundo criterios DSM V ou CIE 10.
- Número de persoas e de ingresos hospitalarios na Fundación Galatea, distribuídos por sexo, días de estancia, e diagnóstico que o motiva.
- Modo de promoción do programa e alcance.

3.- Balance de ingresos e gastos do programa

4.- Reclamacións presentadas polos usuarios e as respostas ás ditas reclamacións.

ANEXO 2: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto S Soc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

RAZÓN SOCIAL					NIF		
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		MUNICIPIO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		PÁXINA WEB DA ENTIDADE			
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).							
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
EN CALIDADE DE							
DATOS BANCARIOS							
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
				IBAN			
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:							
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:							
☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.							
☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:							
ORGANISMOS		ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA			
Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.							
2. Que a entidade solicitante, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes: a) Non están incursas en ningún dos supostos sinalados como prohibición para obter a condición de beneficiario/a no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento. c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, declara que dispón da documentación acreditativa e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.							
3. Que de conformidade co establecido no artigo 69 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, se cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que se dispón da documentación que así o acredita, que se porá a disposición da Administración cando sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.							
4. Que todo o persoal contratado que vai participar no proxecto non ten sido condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil, así como que as persoas voluntarias que van participar no proxecto e que están relacionadas con menores de idade, non teñen antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos/as, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias teñan sido ou poidan ser vítimas destes delitos, en aplicación do previsto no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.							
SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE							
Lugar e data							
		,	de	de			

